

**CONCELLO de RAMIRÁS**

NIF : P3206900 G

Tf. : 988 491 523

Fax : 988 478 604

E-mail : [concello.ramiras@eidolocal.es](mailto:concello.ramiras@eidolocal.es)

Picouto, s/n - 32810 – Ramirás – Ourense

**BANDO****ISABEL GIL ÁLVAREZ, ALCALDESA DO CONCELLO DE RAMIRÁS, FAI SABER Á VECIÑANZA:**

En virtude da Orde [SND/370/2020](#), do 25 de abril, sobre as condicións nas que deben desenvolverse os desprazamentos por parte da poboación infantil durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo [COVID-19](#):

1. Habilitase aos nenos e nenas **de ata 14 anos**, á realización dun paseo diario, de máximo **unha hora** de duración e a unha distancia non superior a **un quilómetro con respecto ao domicilio do menor, entre as 9:00 horas e as 21:00 horas**.
2. O paseo diario deberá realizarse como máximo en grupos formados por **un adulto responsable e ata tres nenos ou nenas**.
3. Durante o paseo diario deberá manterse unha **distancia interpersoal con terceiros de polo menos dous metros**.
4. Non estará permitido o acceso a espazos recreativos infantís ao aire libre, así como a instalacións deportivas.
5. Para os paseos, tanto os menores como os seus coidadores **deberán levar mascarilla**, na medida da súa dispoñibilidade.
6. **Non poderán saía a pasear os nenos e nenas que presenten síntomas ou estean en illamento domiciliario ou corentena debido a un diagnóstico por COVID-19.**

Non obstante o anterior, e vista a existencia de persoas contaxiadas no Concello de Ramirás, RECOMÉNDASE:

1. **Limitar, na medida do posible, as saídas á vía pública e os contactos sociais dos nenos**, nos que o virus adoita ter escasa incidencia, non obstante isto os converte nun importante vector de transmisión de cara aos grupos de maior risco (anciáns e persoas con patoloxías previas).
2. O Concello de Ramirás é un concello do rural, que ten a vantaxe de que **a maioría das vivendas contan con finca ou horta, polo que se aconsella utilizar o inmovible para pasear e para que xoguen os nenos.**

En Ramirás.

A Alcadesa  
Isabel Gil Álvarez

